



RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL POLA QUE SE AUTORIZA A EXTRACCIÓN DE OURIZO AS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE CAMELLE, LAXE, CAMARIÑAS, CORME, MUXÍA E MALPICA.

Por mor do disposto na Orde do 23 de decembro de 2015 (DOG Nº 248, do 30 de decembro de 2015) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2016 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xullo que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude das CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LAXE, CAMARIÑAS, CAMELLE, CORME, MUXÍA E MALPICA para a extracción de OURIZO, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

AUTORIZASE a extracción de Ourizo coas condicións que a continuación se especificarán, advertíndoselles que **a efectividade da mesma, para a realización da actividade extractiva, estará supeditada á previa autorización de Capitanía Marítima das normas de seguridade**, e acorde co método de extracción aprobado no Plan de Explotación.

DATAS: 1,2,3,4,5,8,9,10,11,12,15,16,17,18,19,22,23,24,25,26 e 29 de febreiro

ZONA: ZONA VI (dende Cabo Touriñán a Punta Langosteira).

SUZONAS:

- 1: de Touriñán á Buitra.
- 2: de Buitra á Barca.
- 3: Ría de Camariñas (de Peineirón-Xaviña á praia de Lago)
- 4: Vilano (de Corno a Pta Pedrosa)
- 5: de Gallada-Baleas a Ríos
- 6: de Ríos a Camelle.
- 7: de Aíaín a Cabo e Laxe.
- 8: Ría de Corme-Laxe (de Cabo Laxe a Roncudo)
- 9: Roncudo (de baixo Chan a Pichóns)
- 10: de Pichóns ao Cabalo
- 11: do Cabalo a Malpica
- 12: Illas Sisargas
- 13: de Malpica a Razo
- 14: de Razo a Caión
- 15: de Caión a Langosteira

PUNTOS DE CONTROL: Lonxas de Muxía, Camariñas, Camelle, Laxe, Corme e Malpica.

PUNTOS DE VENDA: Lonxas de Muxía, Camariñas, Camelle, Laxe, Corme e Malpica.

TOPES DE CAPTURA: 100 kg. tripulante con dereito a cota enrolado e a bordo/día



Cada embarcación deberá remitir semanalmente os datos de captura diarios nos estadillos que recollen os días de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos, zonas de traballo, profundidade media, tempo de mergullo e observacións. Todos os membros o plan deben cubrir e remitir dito estadillo, as embarcacións que non sairán a faenar deberán comunicar esta circunstancia á bióloga de zona no enderezo electrónico susana.fandino.silva@xunta.es coa mesma periodicidade. O incumprimento desta obriga poderá supor a non inclusión na relación adxunta á resolución de apertura do mes seguinte.

HORARIO: De 09:00 a 15:00 h. (cada mergullador poderá traballar un máximo de 3 horas).

MÉTODO DE EXTRACCIÓN: Mergullo con subministración de aire dende superficie.

EMBARCACIÓNS AUTORIZADAS E XEFES DE EQUIPO: Sinalados no Anexo I que acompaña a esta resolución.

No caso de que o xefe de equipo non saia a faenar, exercerá como xefe de equipo o substituto que corresponda, no caso de non ter substituto comunicarán a esta xefatura territorial quen exercerá como xefe de equipo.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante conselleira do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 29 de xaneiro de 2016
O xefe territorial



Juan Carlos Barreiro González



ANEXO I

**EMBARCACIÓNS E MERGULLADORES AUTORIZADOS PARA A EXTRACCIÓN
OURIZO NA ZONA VI – FEBREIRO DE 2016**

EQUIPO Nº1 – CORME - LAXE			
XEFE DE EQUIPO: Modesto Dominguez Castro			
Suplente: José Luis Méndez Trigo			
EMBARCACIÓN		MERGULLADORES	
NOME	MATRÍCULA	NOME	DNI
ANA MARÍA	CO-3-1545	CARLOS MARTINEZ MARIÑO JOSE ANTONIO GARCÍA MONTES VACANTE	32801972Q 79333420A
LUMARA DOS	CO-3-2-01	JOSE R. VARELA RELLAN VACANTE VACANTE	32807563H
MOROUSO	VILL-2-467	IGNACIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ VACANTE VACANTE	10832841W
MOSFIEL DOS	CO-3-3-04	JOSE LUIS MÉNDEZ TRIGO VACANTE VACANTE	46905045H
NUEVO MODES	CO-3-1-06	MODESTO DOMÍNGUEZ CASTRO MOISES CAMBRE VENTURA VACANTE	47360092X 47387312K

EQUIPO Nº1 – CAMELLE- MUXIA-CAMARIÑAS			
XEFE DE EQUIPO: Manuel A. Pasantes Carril			
Suplente: José Manuel Brión Martínez			
EMBARCACIÓN		MERGULLADORES	
NOME	MATRÍCULA	NOME	DNI
CABO VEO	CO-4-306	VACANTE VACANTE	
IAGO X	CO-4-1-07	JOSE MANUEL BRIÓN MARTÍNEZ ROBERTO BRIÓN MARTÍNEZ	32795091N 32438868J
O VULCANO	CO-4-2-12	MANUEL A. PASANTES CARRIL BRAIS RODRIGUEZ TRIÑANES VACANTE	46.898.518T 47379179F

SEN EQUIPO

EMBARCACIÓN		MERGULLADORES	
NOME	MATRÍCULA	NOME	DNI
CEAN	CO-3-1-05	JOSE FRANCISCO CARABEL MOSQUERA CÉSAR MANUEL GUDÍN LEMA VACANTE	79330463J 79323702Z

NOTA: As embarcacións e mergulladores propostos neste plan e que non obren no presente anexo non teñen presentado os estadillos semanais de captura ou ben teñen a documentación incompleta polo que deberán tramitar a mesma a través da Confraría de Pescadores correspondente. Unha vez corrixidas as deficiencias, incorporaranse mediante modificación da resolución de apertura.